

# Morte por beleza

## Poesía Versos que conmoven ao testemuñar os últimos momentos de dor do corpo enfermo

Advirte Manuel Vilanova no prólogo a *Do corpo e a súa ausencia* que nada hai máis oposto a Medos Romero ca o chamado “pensamento débil”, identificado este cun decadentismo só intuído nunha lectura precipitada dunha obra que, en realidade, afonda nos “procesos duradoiros do humanismo e da súa temática, aquela beleza que en certo xeito configura Occidente”.

No diámetro deste limiar resulta quizais máis atinxíbel un libro que reúne tres pezas aparentemente distantes, cun núcleo cuxo epígrafe é o mesmo título do volume –dedicado “A Víctor”, no tránsito cara á morte–, satelizado por dúas entradas no patrimonio artístico renacentista: “IL PRODIGO TINTORETTO (Da beleza que foxe e fire)” e “RESPLANDOR E NUDEZ EN SANDRO BOTTICELLI”. E tamén desde aquí, con esta folla de rota, é posíbel reler sen fendas a produción poética toda de Medos Romero, de *Rendéome no tempo* (1998) até a premiada polo Miguel González Garcés *O pozo da ferida* (2006): fisuras non as hai nunha andadura confiada nas certezas, na do binomio natureza/cultura tanto como na que opón o corpo á alma.

As primeiras achegas poéticas da autora, ancoradas nun feminismo esencialista de corte telúrico finalmente resolto na transparencia da poesía-denuncia da penúltima entrega –alí, o sexo feminino como ferida, pozo e, logo, *ausencia*, engadiría– perfilaban xa unha certa recreación nun *Ut pictura poesis* que agora xustifica a relación entre partes dun libro que filia morte e pintura. Como non podía ser doutro xeito, é a anatomía (no seo dun efectivamente occidental pensamento “ocular-céntrico”, en palabras de Isabel Clúa) o nexo entre a experiencia estética e a experiencia de asistir a unha agonía: “Existe o temor / de ficar feridos / por sempre, convertidos / en pedra e alabastro, / nesa eterna imaxe / de ausentes sen alma.” Non se agarden, por tanto, incisións nos metarrelatos que transcendan o cambio de perspectiva (como, por exemplo, facer falar a Simonetta Vespucci, a modelo de Botticelli, na segunda parte do libro); agárdese a fe na proporción e, sobre todo, na universalidade da beleza, estática nas estremas dun lenzo pendurado: “Da beleza que foxe / e fire: a quietude / do alabastro, / a forza da flor, / esta

**Do corpo e da súa ausencia** ·  
Medos Romero ·  
Sociedade de Cultura Valle-Inclán, 2010 ·  
96 páx · 10 euros



nudez / soberbia.” Queda, entón, “o corpo, detido/sobre a brancura / máis eterna”. E por que non “soñar o alcance/do teu son, a morada das musas, / esa precisa harmonía da quietude?” /. Con trazos neoplatónicos, a nudez é tránsito cara ao goce, pero tamén cara á fuxida da alma: “Ave de meu, / penando/un corpo /como bafo”.

Conmove á forza unha obra que abertamente testemuña os últimos xestos de dor dun corpo enfermo, malia o conxunto non resistir o peso que no noso hábito deixaron as marcas dese arriba denominado “pensamento débil”, non necesariamente decadente (penso en Vattimo). E, neste punto, xorde a tentación do palimpsesto, ao lembrar a análise de Susan Sontag en *A enfermidade e as súas metáforas e A sida e as súas metáforas*, afirmando que o corpo é adoito descrito coma un campo de batalla. Leo: “O cor-



Oktopussy // Miriam Lenk

po, / sempre /o corpo, / este castigo /inmundo / este / xeito / de arrastrar /materia” e pregúntome

por outros modos, se os houber, de concibir e de escribir a perda.

// **María López Suárez**